

ACTO I

E -

CEGO

Son un leriante das feiras de antes,  
e por gracia teño, señor SI BEMOL

Moi bos días teñan os presentes,  
e coa clemencia desta boa xente,  
tereí a ben á concurrencia  
contarlle unha historia,  
se teñen paciencia:

Romance de Don Gaiferos de Mormaltan  
e de como o pelingrin desandou  
arrevirados camiños ata chegar a Compostela,  
e das andromenas que lle aconteceron  
no seu devagar.

¿A onde vai aquel romeiro,  
meu romeiro a onde irá?,  
camiño de Compostela  
non sei se aló chegara?.

Os pes leva cheos de sangue,  
xa non pode máis andar,  
malpocado, pobre e vello  
non sei se aló chegara?

Ten longas e brancas barbas,  
ollos de doce mirar,  
ollos gazos, leonados,  
verdes coma auga do mar.

III -

¿A onde ides meu romeiro,  
a onde queredes chegar?  
camiño de Compostela  
onde teño meu fogar.

Compostela é miña terra,  
deixeina sete anos hai,  
reluciente en sete soles,  
brilante coma un altar.

Cóllase a min meu velliño,  
imos xuntos camiñar,  
que eu son troveiro das trovas  
da Virxe de Bonaval.

Eu chamome Don Gaiferos,  
Gaiferos de Mormaltan,  
se agora non teño forzas  
meu espírito mas dará.

Chegaron a Compostela,  
e foron a Catedral,  
desta maneira falou  
Gaiferos de Mormaltan:

Gracias meu Señor Santiago  
ós vosos pes me tes xa,  
se queres tirarme a vida,  
podesma señor tirar,  
que eu morrerei contento  
nesta Santa Catedral.

E o vello das brancas barbas  
caiu tendido no chan,  
pechou os seus ollos verdes,  
verdes coma auga do mar.

O Bispo questo viu,  
ali o mandou enterrar,  
así morreu, meus señores,  
Gaiferos de Mormaltan.

Este é un dos moitos miragres  
que Santiago Apostolo fai.

E -

SEGUE A SOAR A MUSICA DO ROMANCE. SE ABRE O TELON.

ENTRAN DON GAIFEROS E O SOLDADO

E

SOLDADO.-            ¿A onde vai aquel romeiro?  
meu romeiro a onde ira?

CEGO.-                Camiño de Compostela,  
non sei se aló chegara?

SOLDADO.-            Os pes leva cheos de sangue,  
xa non pode mais andar,  
malpocado, pobre e vello,  
non sei se aló chegara?

CEGO.-                Ten longas e brancas barbas  
ollos de doce mirar

SOLDADO.-            Ollos gazos, leonados  
verdes coma auga do mar

CEGO.-                ¿A onde ides meu romeiro,  
a onde queredes chegar?

GAIFEROS.-           Camiño de Compostela  
onde teño meu fogar

SOLDADO.- Compostela é miña terra  
deixeina sete anos hai

SOLDADO+CEGO Reluciente en sete soles  
brillante coma un altar.

SOLDADO.- Collase a min meu velliño,  
imos xuntos camiñar

CEGO.- Eu son troveiro das trovas  
da Virxe de Bonaval.

VAISE O CEGO E

GAIFEROS.- Eu chamome Don Gaiferos  
Gaiferos de Mormaltan,  
se agora non teño forzas,  
meu esprito mas dara.  
¿E si non é moita a indiscreción,  
polo cal pidolle perdón,  
quen é vostede que asi vestido de soldado  
mesmamente asemella un cruzado?

SOLDADO.- Miña nai, miña naiciña  
cantos disgustos lle dei  
e cando máis lle axudaba  
mandanme servir "al Rei"

GAIFEROS.- ¿E teu pai non te valeu?

SOLDADO.- Eu queríame casare,  
e meu pai non me deixou,  
agora vou de soldado,  
boa muller me buscou!

GAIFEROS.- Ai, soldado, soldadiño  
que ves de terra de mouros  
axudame no camiño  
que eu andar xa non poido

SOLDADO.-  
Imos cara a Compostela  
terriña que quero tanto,  
rua de Belvis querida  
non sei cando nos veremos

GAIFEROS.-  
Ai, vamos, ai, vamos  
ai, vamos ala!

SOLDADO.-  
Señor Don Gaiferos de Mormaltan,  
cun cacho de pan e cabazo de viño

GAIFEROS.-  
Pra andar o camiño,  
para andar soldadiño.

SOLDADO+GAIFEROS.-  
!Ai, vamos, ai, vamos,  
ai, vamos ala!

→ Dacordo fives velle

GAIFEROS.-  
!Uf, que cansó estou!  
adoezo dos pes e das pernas,  
e aínda nos faltan tantas leguas eternas  
interminables, parecen indesandables.

SOLDADO.-  
Acougue un pouco, Don Gaiferos,  
que hai que repoñer forzas

GAIFEROS.-  
Dacordo, soldadiño,  
descansaremos un cachiño  
denantes de continuar o camiño.

APARECE UN ARRIEIRO

ARRIEIRO.-  
O cantar do arrieiro  
é un cantar moi baixiño  
cando canta en Ribadavia  
resona no Carballiño...

GAIFEROS.- Mira ti quen ven por alí

SOLDADO.- Xa o vexo, é un arrieiro

GAIFEROS.- Preparate, soldadiño,  
imos facer carro-stop,  
a ver se temos sorte e nos leva o arrieiro  
no seu vehículo motorizado a dous bois

SOLDADO.- Iso, don Gaiferos, que nos leve  
aínda que sexa un bocadiño

E

FAN CARRO-STOP

ARRIEIRO.- !Xooo!, Aldeanaman...

ARRIEIRO.- !Xooo!, Mojame-Quinto

SOLDADO.- !Sen faltar, eh!  
de quinto na-nai, que eu son soldado licenciado

ARRIEIRO.- A min pareceme moi ben  
que sexa soldado licenciado, meu amigo,  
pero o certo é que eu non falei con vostede  
senon que o fixen cos meus bois...  
voullos presentar:  
este chamase Mojame-Quinto...

TOURO 1.- MUUUUU!

ARRIEIRO.- É un boi que naceu nun pobo do quinto pino,  
e como ten un rabo moi longo  
sempre que pasamos por xunto dunha poza  
salpicame co rabo...  
de ahí lle ven o nome de Mojame-Quinto

TOURO 1.- MUUUUU!

GAIFEROS.- E o outro chamase Alderraman  
por que é un touro mouro? Inon si?

- ARRIEIRO.- Non, home, non,  
non se chama Alderraman, sinon Aldeanaman...
- TOURO 2.- MUUUUU!
- ARRIEIRO.- O nome venlle de cando era un touro bravo  
e tiña alporizada a tódala aldea...
- GAIFEROS.- Auxilio, Socorro, María Esther!...
- SOLDADO.- Tranquilo, don Gaiferos,  
ícómo vai ser bravo o touro,  
non ve que vai turrando do carro?
- ARRIEIRO.- O certo é que por miragre do Apostolo Santiago  
o touro amainou e dende entón acompañame  
polos camiños que percorro,  
sempre tan dondo e mainiño,  
facendo xunta con Mojame-Quinto
- TOUROS 1+2.- MUUUUU!
- GAIFEROS.- Ai, meu arrieiro,  
non cho pido por preguiceiro,  
senon polo canso que estou...  
¿poderíanos levar no teu carro  
polo camiño de descamiñar  
que vai cara a Compostela?
- ARRIEIRO.- Non, non podo
- SOLDADO.- Non sexas ruín, arrieiro,  
feito de pel de año e fol de lobeiro,  
que non queres axudar a estes dous,  
ou sexa a este par de pelingrins devotos  
de Santiago a desandar estos carreiros...
- ARRIEIRO.- Mal pago me dades romeiros,  
pois eu vou cara Madrid por alí,  
e non cara Compostela, pola rabela



GAIFEROS.- Ten razón o arrieiro, soldadiño,  
e agora que xa un cacho acougamos  
e as nosas forzas repuxemos,  
imos alá.

ARRIEIRO.- Adeus, meus romeiros,  
esta vai de despedida,  
hoxe e aquí non canto outra

SOLDADO.- Os señores que cha oían,  
de hoxe nun ano oían outra

<sup>E</sup>ARRIEIRO.- Anque me vou, que me vou,  
anque me vou non te olvido,  
que anque me marchó co corpo  
quedame aquí o sentido

VAISE O ARRIEIRO

GAIFEROS.- Ai, meu compañeiro e amigo,  
e agora que facemos?,  
cal camiño escolleremos?

SOLDADO.- Eu iría por alí...

GAIFEROS.- Eu coido que millor sería por alá...

SOLDADO.- !Por Alá, non!,

!por Santiago!

GAIFEROS.- Por alá, ou sexa por ese carreiro

SOLDADO.- Como que son cristiano da cristalería,  
por esoutro carreiro collería,  
e dicir por alí

GAIFEROS.- Por alá!

SOLDADO.- Por alí!

GAIFEROS.- Alá tí!

*irte con desorecals*



F

VANSE CADA UN POR UN CAMIÑO DISTINTO

E

ENTRA O DEMO DISFRAZADO DE PLANTA. GAIFEROS TROPEZA CON EL

E

GAIFEROS.-

!Mira que é testan o soldadiño!,

que vaia por onde queira,

que eu seguirei por este camiño

E

DEMO.-

Coidado, meu romeiro,

non me pises que me deixas sen follas

GAIFEROS.-

!Quen falou?

DEMO.-

Son eu, Mandragora,

a pranta da mitoloxía grecorromana

GAIFEROS.-

Perdoe, pero é que ando un pouco alelado

DEMO.-

E logo que lle pasa?

GAIFEROS.-

E que quero ir a Compostela,

e non sei cal é o camiño que teño que coller...

e por culpa delo, rifei co meu compañeiro e

amigo o soldado

DEMO.-

Iso é fácil, don Gaiferos,

o camiño que tes que coller é aquel

SINALA O CAMIÑO POLO QUE FOI O SOLDADO

GAIFEROS.-

Logo, o soldado levaba razón

!ai, que lerdo son!

sempre metendo a pata

F

VAISE GAIFEROS

SAE O DEMO DE DETRAS DA PLANTA

DEMO.-

HA! HA! HA!

Enganei o romeiro

HA! HA! HA!

Que malo e ruin son!

agora xa non chegara aínda xamais a Compostela

!Ai, que trano son!

HA! HA! HA!

ESCOITASE ROSMAR AO SOLDADO

DEMO.-

¿Pero, que é o que pasa?

¿Quen é o que fala?

Velahí ven o soldado...

E

teño que fuxir coma un lostrego

t

non vaia ser que me cache...

VAISE O DEMO

E

ENTRAN DON GAIFEROS E O SOLDADO

GAIFEROS.-

Tiñas razón, soldadiño

o camiño bó era o que ti colliches,

que mo dixo a Mandragora

SOLDADO.-

Non sei, non sei,

a min as mandragoras danme moito que pensar

GAIFEROS.-

Veña, non sexas teimudo, home,

non se fale máis e sigamos por aquí

SOLDADO.-

Está ben, don Gaiferos,

o único que nos pode pasar

é ter que andar unhas leguas de máis.

GAIFEROS.-

Pois, aí, vamos, aí, vamos!

aí, vamos alá!

SOLDADO.-

Señor don Gaiferos de Mormaltan

cun cacho de pan e cabazo de viño

GAIFEROS.-

Pra andar o camiño,

pra andar soldadiño

SOLDADO+GAIFEROS.-

Aí, vamos, aí, vamos

aí, vamos alá!

E

*decorede Cugo*

III

ACTO II

III

O CEGO ESTA PEDINDO ESMOLA

CEGO.- Unha esmoliña para quen quedou  
chosco, birollo do ollo do cú...  
unha esmoliña para quen tamén  
quedou cego de ámbolos dous ollos da cara,  
unha esmoliña por misericordia

III

ENTRA A MOZA E DALLE UNHA ESMOLA AO CEGO

CEGO.- Gracifias, boa moza  
que San Froilan te colme de bendicións...

MOZA.- Toma cego, unha limosna  
mais non me tome-la man

CEGO.- Perdoe, miña señora  
pensei que todo era pan.  
Teño tres cartos e medio,  
gardados no tabaqueiro,  
casa comigo, meniña

MOZA.- que teño moito diñeiro  
Nunca casarei cun vello  
anque teña moito diñeiro  
sempre me tera pechada  
co seu amor verdadeiro

III

VAISE A MOZA

CEGO.- Como son cego e faltame a vista  
cando unha moza me ven a falar  
pra me dar conta se é grossa ou é fraca  
teño por forza que as mans apelar,  
e teño observado que as hai que se rín,

e outras, moi poquiñas, que fuxen de min,  
pero a maior parte chaman polas nais  
pero chaman baixiño e arrimanse máis.

F

VAISE O CEGO

SOA UN PANDEIRO. SAE UN MOZO BAILANDO

F

MOZO.-

Unha volta polo medio,  
outra polo aderedor,  
así fai o que ben baila,  
así fai o bailador

SAE A MOZA

MOZA.-

A muiñeira ben a baila  
aque! garrido rapaz,  
é veciño de Cubela  
e fillo do sacristan.

Oe, mocíño, ¿e como ves vestidiño  
dese xeito tan moderno?

MOZO.-

Unha monteira de raso,  
e o chaleque de veludo,  
os calzons e maila faixa  
que merquei na feira en Lugo

MOZA.-

Ei de ir as festas e as romerías  
comer bó pulpo e outras cousas finas

MOZO.-

Beber bó viño, falar coa xente  
e ouví-la gaita do señor Vicente

Axeitame a polainiña,  
axeitame a polaina,

MOZA.-

Xa cha axeito deste lado  
que deste outro xá cho está

F

SAE O GAITEIRO TOCANDO A GAITA. OS MOZOS BAILAN

O GAITEIRO PARA DE TOCAR

MOZO.- Toca, gaiterriño, toca,  
seique te esgallou a palleta?

MOZA.- Gaiteiro de Soutelo,  
¿por que non queres tocar?

MOZO.- O gaiteiro de Soutelo,  
mala centella cho mate,  
non quere toca-la gaita  
se non lle dan chuquilate  
(BIS)

GAITEIRO.- Os de alá arriba bailan o fandango  
si toco a muiñeira ou botolle un tango  
bailan o fandango e maila alborada  
ós de alá arriba  
non entenden nada

MOZA.- Toca, gaiterriño, toca  
toca que quero bailare,  
toca, gaiterriño, toca,  
que me quero namorare

GAITEIRO.- Ai, mociña de bó donaire,  
unha peciña te hei dedicar,  
pero, o teu casorio

F

hasme convidar

O GAITEIRO TOCA UNHA PEZA: OS MOZOS BAILAN- VANSE OS TRES

ENTRAN GAIFEROS E O SOLDADO

GAIFEROS.- ¿E cal é esta urbe urbana?

SOLDADO.- É Lugo se o sentido non me falla,  
e que eu saiba andamos un pouco despistados  
pois por Lugo o Camiño non pasa

GAIFEROS.- Non, si xa o dicía eu!,  
Si non lle fixeramos caso a mandragora...!

SOLDADO.- ...deseguro que xa estaríamos en Palas de Rei

SOAN AS CAMPAS

GAIFEROS.- ¿E por que tocan a Gloria as campás?

SOLDADO.- é o Corpus, don Gaiferos,  
o Corpus Lentus de Lucus,  
festa que non ten par,  
os cregos van adiante  
e os devotos van atrás.

*Procesion*

**F**

SAE A PROCESION. NO MEDIO DO BARULLO GAIFEROS E O SOLDADO PERDENSE.

VAISE A PROCESION

**F**

ENTRA DON GAIFEROS-

**F**

GAIFEROS.-

*Entre o Demo*  
*Entre o Gaiferos.*  
¿E onde ira o soldadiño?,

perdino no folion,

¡ai, que desilusión!

Si non o atopo, terei que ir a Compostela eu só

**F**

ENTRA O DEMO DISFRAZADO DE MOZA ~~DE~~

DEMO.-

Hola, don Gaiferos,  
anciano, vello, guapismo,  
chuli, cachondo...

GAIFEROS.-

Boas tardes, miña dona

DEMO.-

¿E logo, que lle trae por Lugo?



GAIFEROS.-

Ceguei aqui enganado por  
unha condanada mandragora  
que me apartou do meu camiñar  
cara a Compostela.

Ai, xa non sei se aló chegarei!

DEMO.-

Pero, home, si Compostela  
queda aquí o lado,  
nunha carreiriña dun can alí estaras,  
mira, ¿por que non me invitas a  
un viño do país con denominación de orixe  
e unha tapiña de callos?

GAIFEROS.-

Pero, e que levo moita presa

DEMO.-

Anda, cuchi, cuchi,  
amoriño meu,  
pelriñas dos meus engaiolamentos

GAIFEROS.-

Cacordo mociña, pero só  
un viño e unha tapiña

DEMO.-

Xa picou, (APARTE)  
entre o meu engano e os callos picantes  
que fai a vella Gumersinda,  
este a espicha de contado.

Pero antes dame un biquiño ( A GAIFEROS)

GAIFEROS.-

Darei, darei, meu amoriño  
Aí, que me derreto!  
Que guapiña es!

GAIFEROS O DARLLE O BICO Ó DEMO CAE DESMATAIDO NO CHAN

DEMO.-

Este xa a guiñou,  
!HA !HA !HA



Xa non chegará xamais a Compostela

!HA !HA !HA

Son máis ruín co demo!

!HA !HA !HA

VAISE O DEMO

*F*  
VOZ EN OFF.-

GAIFEROS.-

Auga vai!

Ai, que afogo!

Que soño máis raro tiven,

soñei que namoraba dunha rapariga,

eu!, os meus anños!...

ai, que escangallado estou!,

para min que é debilidade.

Sexa como sexa,

si agora non teño forzas,

meu señor Santiago mas dara.

Vou buscar ó soldadiño,

pois escrito está no destiño

que imos facer xuntos o Camiño

*facen camiño*

*F*

VAISE GAIFEROS.

*F*

ENTRA O SOLDADO

SOLDADO.-

Xa estou farto de

ir na procura de don Gaiferos,

vouno esperar un cacho

SENTASE E ESPERA

Uf!, este don Gaiferos xa tarda demais,

vouno chamar: Gaiferos, Gaiferos

*F*

ENTRA GAIFEROS CORRENDO

GAIFEROS.- ¿Quen chama por mín?...  
Ah!, es ti soldadiño,  
meu querido compañeiro.  
¿E onde te metiches?

SOLDADO.- Estiven mercando un pouco de xantar na feira,  
mentres vostede ía de esmorga

GAIFEROS.- ¿Non empeñarías algo do que levabas  
no meu capacho?

SOLDADO.- Perda coidado, meu amigo

GAIFEROS.- E vendeme os bois  
e vendeme as vacas,  
mais non me vendas  
o pote das papas

SOLDADO.- Vendolle a cunca  
e mailo cunqueiro,  
mais non lle vendo  
o seu tabaqueiro  
(BIS)

GAIFEROS.- Deixate de lérias,  
e continuemos o noso devagar de romeiros,  
que quero chegar a Compostela cediño

SOLDADO.- Imos logo

SOLDADO+ GAIFEROS.- Ai, vamos, ai vamos  
ai vamos alá... etc

E

*de novo a colle*

E

ACTO III

E

APARECE UNHA PILINGRINA E UN GRUPO DE PILINGRINAS QUE PASAN CANTANDO E  
DON GAIFEROS E O SOLDADO CHEGAN A LABACOLLA

E

GAIFEROS.-

Labacolla,  
xa non falta moito para chegar

SOLDADO.-

Labacolla, Labacolla,  
no outo do Camiño Frances,  
Santiago a un trote de cabalo  
que legoas faltan dez

GAIFEROS=-

Dame un grolo de auga, meu amigo,  
troveiro de troulear.  
Dame un grolo e unha farangulla de pan,  
que aínda debo máis andar

SOLDADO.-

Toma viño, meu romeiro,  
toma pan de centeno  
que con pan e viño  
se anda o camiño

XANTAN UN CACHO

SOLDADO.-

Vou lava-la cara,  
e tamen molla-los pés,  
nesa auga milagreira  
da Fonte de San Andres

E

VAISE O SOLDADO

GAIFEROS.-

Despois de xantar,  
hei de acougar para  
o meu pelegrinaxe continuar

GAIFEROS PONSE A DURMIR

E

APARECE O DEMO

DEMO.-

Mira ti que por confiarme ( APARTE)  
este aínda está vivo e  
casí a punto de rematar  
o seu peregrinaxe...

Vouno tentar,  
e desta non se me escapa.  
Gaiferos!, Gaiferos!

GAIFEROS.- ¿Quen me chama?

DEMO.- Son eu, aquel que te quere axudar

GAIFEROS.- ¿A chegar a Compostela?

DEMO.- Non, non, a resolve-la túa vida

GAIFEROS.- ¿Cómo?

DEMO.- Mira, se te quedas en Labacolla,  
dareite o Condado destas terras,  
poderas cobrar trabucos  
a<sup>o</sup> tódolos pelingrins e  
faraste rico, riquísimo

GAIFEROS=- Pero eu non quero cartos,  
e aínda menos de xentes que coma eu  
son pilingrins devotos do noso señor Santiago

DEMO.- Tamén ofrezоче o aeroporto

GAIFEROS.- ¿Aero qué?

DEMO.- Aeroporto

GAIFEROS.- Aí, non lle entendo nada

DEMO.- Sí ou sí, o aeroporto é onde aterrizan  
os carros que voan coma os paxaros  
e que levan xente de aco pra acola

GAIFEROS.- E para que quero eu voar coma os paxaros,  
si son pelingrin dos de San Fernando,  
un pouquiño a pé e un pouquiño andando

DEMO.- Aínda que ti non voes,  
poderan facelo outros.  
Isto é un negocio redondo, don Gaiferos



SOLDADO.- Voute dar unha malleira  
para que deixes en paz a don Gaiferos,  
e non o tentes nunca xamais

DEMO.- Vaíto!  
Deixa a espada, rapaz,  
menos violencia...  
a min non me colles  
porque de aquí fuxo,  
desaparezo, me esfumo

VAISE O DEMO

SOLDADO.- Camina don Sancho  
mañanciña fría

GAIFEROS.- Canta, canta compañeiro  
que cantando se olvidan as penas  
e faise a vida máis leda

SOLDADO+GAIFEROS.- a terra de mouros  
a librar cautivas  
A beira da fonte  
da fonte belida  
as vendas de liño  
lavaba a mocíña  
De terra de mouros  
don Sancho volvía  
a ialma na fonte  
deixaba cautiva

(BIS)

*vacar decorats*

ACTO IV

F

APARECE UN PRESENTADOR

PRESENTADOR/A.-

Mois boas tardes señoras e señores,  
abrimos este espacio especial informativo  
do "Panorama da risa"  
para transmitirllles en directísimo  
dende o pasado e en versión orixinal  
a chegada gloriosa de don Gaiferos de Mormaltan  
a Compostela.

F

Don Gaiferos acaba de pasar en cabeza,  
seguido dun fato de pelingrins  
que tentaran por tódolos medios  
quitarlle o "maillot" castaño de  
campeón da peregrinación  
Don Gaiferos pasa o primeiro pola meta  
voante do Monxoi,  
cos pés cheos de sangue,  
xa non pode máis andar.  
Entre os aplausos da multitude,  
don Gaiferos entra na parte vella da cidade.  
Señoras e señores don Gaiferos  
acaba de entrar na praza do Obradoiro.  
Seguiremos a nosa directísima  
dende o Pórtico da Gloria,  
obra maxestuosa do Románico. Século XII

E

APARECE O CEGO

E

CEGO.-

Chegaron a Compostela  
e foron a Catedral

*abun  
vaticos.*



e desta maneira falou,  
Gaiferos de Mormaltan

ENTRA GAIFEROS  $\Pi$

GAIFEROS.-

Gracias meu señor Santiago,  
a os vosos pés me tes xa  
si queres tirarme a vida  
podesma señor quitar  
porque morrerei contento  
nesta santa Catedral

GAIFEROS CAE MORTE

CEGO.-

E o vello das brancas barbas  
caiu tendido no chan,  
pechou os seus ollos verdes  
verdes coma auga do mar

SAE UN BISPO  $E$

CEGO.-

E o bispo que esto viu,  
ali o mandou enterrar.  
Así morreu meus señores,  
Gaiferos de Mormaltan

CEGO.-

Iste é un dos moitos miragres  
que Santiago Apostolo fai...

$E$

OS MUSICOS DO PORTICO TOCAN OS SEUS INSTRUMENTOS E ENTONAN O CANTO DE  
ULTREIA. O BOTAFUMEIRO EMPEZA A FUNCIONAR. SE ILUMINA A VIDRIERA

FIN